

Normas xerais uso talleres

UNIFORMIDADE E ASEO PERSONAL



- O uso do uniforme (conforme ás indicacións facilitadas) é obligatorio e exclusivo para a asistencia ás clases prácticas, debendo estar perfectamente limpo e presentable: sen olores, manchas nin engurras.
 - O uniforme só poderá vestirse dentro do horario da aula taller e para realizar as actividades propias do mesmo
 - O alumnado/profesorado deberá estar perfectamente aseado e limpo, sen empregar empregar perfumes fortes. As uñas deben estar curtas, limpas e sen pintar.
 - O alumnado/profesorado deberá lavar as mans antes e durante o desenvolvimento das tarefas de manipulación sempre que sexa necesario.
 - O cabelo deberá estar limpo, peitedado e recollido totalmente se procede dentro dun gorro ou cofia.
 - O alumnado con barba deberá ter esta aseada e recortada ou senón afeitarse diariamente.
- 🚫 NON**
- NON se pode traer o uniforme vestido de casa.
 - NON se permite cambiar a roupa nos corredores. Obrigatoriamente debe usarse os vestiarios
 - NON se permite levar outras pezas de roupa debaixo do uniforme salvo a propia roupa interior
 - NON se permite levar elementos que poidan caer nos alimentos ou que resulten perigosos par ao propio alumnado no manexo de maquinaria: aneis, pulseiras, reloxos, pendentes, piercings, etc.
 - NON está permitido sentarse nas superficies de traballo ou no chan

ENTRADA NA AULA OBRADOIRO



- A hora de entrada será a marcada polo docente, debendo agardar a que estea o profesor dentro antes de entrar no taller
 - O alumnado deberá traer consigo todo o material necesario, conforme ao indicado polo profesorado, para o desenvolvimento das clases nas aula taller
 - O alumnado que teña algún tipo de ferida deberán cubrila con vendaxes impermeables adecuados e luvas. No caso que se requira unha vendaxe de grande tamaño, non se realizarán as prácticas ata que non estea a ferida completamente curada
- 🚫 NON**
- NON se permite a entrada ao taller fóra do horario de clase
 - NON se permite entrar ou transitar polos talleres sen uniforme
 - NON se permite a entrada aos talleres con outros materiais distintos aos necesarios para as prácticas (chaquetas, paraugas, mochilas, bolsas, etc.)

RECORDATORIO NORMAS DE CENTRO



- Lémbrese que a puntualidade, tanto do profesorado como do alumnado, é importantísima para non entorpecer o labor e dereito á formación do alumnado
- Non se permite o uso de teléfono móvil ou outros dispositivos portátiles durante as clases, a non ser que o autorice o profesorado de forma puntual, sendo obligatorio seguir as indicacións do mesmo para dito uso.
- O alumnado e o profesorado non pode deixan cousas persoais nos talleres nin nas aulas.
- Non se permiten actitudes groseiras, palabras malsoantes, xogar ou correr